


## Cómic



### **Persépolis (Marjane Satrapi)**

*A historia autobiográfica dunha nena iraní, que medra nun réxime fundamentalista islámico, o que acabaría por levala a abandonar o seu país. Marjane ten dez anos e é testemuña infantil dun cambio social e político que pon fin a máis de cincuenta anos de reinado do sha de Persia en Irán e dá paso a unha república islámica.*

Unha obra dun indudable valor humano, considerable éxito de vendas e gañadora de premios, entre os que destaca os do Salón do Cómic de Angoulême (o máis importante de Europa).

### **300 (Frank Miller)**

*No 489 a.C., apenas tres centos de soldados espartanos, acaudillados polo rei Leónidas, frearon o avance de decenas de miles de tropas persas baixo o mando do Emperador Jerjes, o monarca máis poderoso do planeta. Para conseguilo, os espartanos entregaron as súas vidas na defensa do paso das Termópilas, onde a superioridade persa quedaba reducida á mínima expresión. Conseguiron unha vantaxe estratéxica para o exército grego que facilitaría a posterior derrota dos persas, preservando así a civilización occidental dos bárbaros asiáticos.*

Deste cómic fíxose unha película, que intenta reflectir nos seus planos e cores o estilo deste gran mestre do debuxo. (Tamén na biblioteca)



### **As aventuras de Asterix (Goscinny-Uderzo)**

*Estamos no ano 50 a.C. Toda a Galia está ocupada polos romanos... Toda? Non! Unha aldea poboada por irreducibles galos resiste aínda, e sempre, ao invasor. E a vida non é doada... para as lexionarios romanos nos campamentos de Aquarium, Laudanum, Petibonum...*

Unha das series de maior éxito mundial traducida a infinidade de linguas. Tamén se fixeron películas, que non poden alcanzar a calidade do cómic orixinal

# Biblioteca

**IES Pedra da Aguia**

**Guía de Lectura**



### **Roseira do teu mencer (Xosé M<sup>a</sup> Álvarez Blázquez)**

**Autor homenaxeado Letras Galegas 2008**

*Este libro de poesía recolle poemas que o autor lle dedicou a súa primeira filla cando era pequena. Versos pequenos para cantar. Sentiremos como chora a nena perseguida polas galiñas e como vai procurar o colo do pai. Como o pai esorrentaba as cousas grandes que lle puñan medo: a chuvia, a neve, o vento, o arco da vella. Como baixaban á praia a facer casas de cunchas.*

*Tamén se recollen seis poemas que non pertencen a esta obra pero merecedores de estar nela.*

## Literatura



### Cartas de invierno (Agustín Fernández Paz)

*Tareixa Louzao recibe un sobre remitido polo seu irmán Xabier desde un descoñecido lugar: Doroña. No interior inclúense unha carta e outro sobre máis pequeno cerrado. Na carta, Xabier indícalle a súa irmá que non abra o sobre fechado e que, se antes dunha semana non volve recibir outra misiva súa, llo entregue ó Inspector Soutullo. Tareixa non pode resistir a tentación e abre o sobre. No seu interior aparecen unhas cartas que lle foran remitidas a Xabier polo seu amigo Adrián Louzao, e que el tardará tempo en recibir por mor dunha longa estada en*


*Quebec. Nas cartas Adrián fala dos estraños sucesos que está a vivir relacionados coa súa nova casa, e pídlle axuda ó seu amigo...*

Un libro de medo por un dos mellores escritores do país.

### El vuelo del dragón (Anne McCaffrey)

*No planeta Pern, que no seu tempo foi colonizado polos homes, Lessa, a única sobrevivente da familia que gobernaba o forte de Ruatha, vive oculta á espera de poder vingar aos seus familiares asasinados. Ata o lugar chegan os xinetes de dragóns que tradicionalmente foran os encargados de velar pola seguridade de Pern e que buscan unha nova raíña para rexeitar o seu destino, Lessa recorda que a vinganza é un prato que se serve frío. A partir dese momento, sen descanso, producíranse batallas que poñen en perigo o futuro do planeta, conspiracións e vinganças, viaxes no tempo...*

Primeiro libro da serie **Os xinetes de dragóns de Pern**.



### O Neno do pixama a raias (John Boyne)

*...Cremos que é importante empezar esta novela sen saber de que trata. Se decides embarcarte na aventura, acompañarás a Bruno, un neno de nove anos, cando se muda coa súa familia a unha casa preto dunha cerca. Hai milleiros de aramados coma ese en moitos sitios do mundo; só desexamos que nunca te atopes con ningún, e se o fas, que teñas forza para librarte del...*

Esta novela traducíuse a máis dunha vintena de idiomas, xa leva vendi dos 50.000 exemplares e tense feito unha adaptación cinematográfica.

## Información

### Gran Atlas de los Océanos (John Woodward)

Unha viaxe fascinante polos océanos da Terra.

Sabías que o setenta por cento da superficie da Terra está cuberta de auga? Sabías que coñecemos máis cousas sobre a Lúa que sobre os océanos?

Mergúllate no Gran atlas dos océanos e emprende unha ncrible viaxe cara ao descubrimento. Inclúe un CD-ROM interactivo no que poderás observar como desaparecen as cidades a medida que aumenta o nivel do mar e quedarche xeados descubrinto as distintas especies que o habitan, así como os seus movementos migratorios.



### TIERRA (Alastair Fothergill e Mark Linfield)

Un libro baseado no espectacular documental sobre o noso planeta para o que Alastair Fothergill e o seu equipo necesitaron 5 anos de intenso traballo (Tamén na biblioteca). Nel descóbrese todo o esplendor e riqueza da Terra ao longo das catro estacións do ano, á vez que se advirte dos perigos derivados do aquecemento climático. Algúns dos protagonistas e heroes deste gran documental son os osos polares, os elefantes e as baleas pola súa continua loita pola supervivencia, así coma outros animais que nos fixeron rir e estremecernos, como as crías do pato mandarín ou a temible quenlla branca.

## Cine

### Batman Begins (Christopher Nolan)

Bruce Wayne perdeu os seus pais cando era neno. Consumido polas ansias de vinganza e intentando coñecerse a si mesmo, viaxa ao Leste onde atopará a Henri Ducard, un home que o entrena en todo tipo de técnicas de combate para unirse á sociedade secreta de Ra's Al Ghul. Bruce decide declinar esta honra e volver á corrupta cidade de Gotham, onde combatirá o crime convertido xa en Batman. Pero aínda non é consciente de que hai unha trama secreta nas entrañas da cidade...



